

I Plan Municipal para a
ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO



CONCELLO DE BUEU (2021-2025)

Edita:



Centro de Información ás mulleres do Concello de Bueu
Eduardo Vincenti, 28B Baixo – 36930 Bueu
986 324 395
cim@concellodebueu.gal

Coordinación:



C/ Brasilino Alvarez, 6 entlo B 36780 A Guarda (Pontevedra)
986 611 499 – 625 554 992
info@talentearrrhh.com

Montserrat González García
Directora do CIM de Bueu e Axente de Igualdade

Análise e redacción:
Dolores Ruiz Gestoso Auditora de Igualdade e Axente de Igualdade

Impresión:
C. Peón (Pontevedra)

Actividade subvencionada pola Deputación de Pontevedra

ÍNDICE

1. Introdución
2. Diagnóstico da situación
 - 2.1. A violencia de xénero como problema global e estrutural
 - 2.2. Concepto de violencia de xénero
 - 2.3. Permanencia da violencia de xénero na nosa sociedade
 - 2.4. É posible cambiar a situación existente
 - 2.5. Pacto de estado en materia de violencia de xénero
3. Diagnóstico da situación en Bueu
 - 3.1 Características do municipio
 - 3.2 Instrumentos cos que conta o municipio para a erradicación da violencia de xénero
 - 3.3 Situación da violencia de xénero en Bueu
4. Obxectivos xerais
5. Áreas de traballo e liñas estratéxicas
 - 5.1. Área de prevención
 - 5.2. Área de atención integral
 - 5.3. Área de colaboración
6. Príncipios transversais
7. Obxectivos, accións, axentes e procedementos de avaliación das liñas estratéxicas
8. Difusión do plan
9. Vixencia do plan
10. Execución, seguimento e avaliación do plan
11. Enderezos e teléfonos de interese

1. INTRODUCIÓN

A violencia de xénero ou machista é unha vulneración dos Dereitos Humanos que ningunha sociedade, baseada no respecto e a igualdade entre as persoas, debe tolerar e que, polo tanto, require de accións continuadas e conxuntas das administracións públicas, institucións e sociedade civil. Nesta liña, falar de violencia machista supón falar dunha estrutura social baseada na discriminación, toda unha trama con multitud de dimensións onde a construcción social da identidade e a socialización de xénero xogan un papel clave. Este proceso de socialización constrúe as identidades de mulleres e homes baseadas en roles e estereotipos diferenciados para unhas e outros, xerárquicas e desiguais. Estas desigualdades, na súa manifestación extrema, conducen a unha violencia que, convén recalcar, se da en todos os ámbitos.

A loita contra a violencia machista forma parte dos obxectivos das políticas municipais de igualdade do Concello de Bueu, loita para a cal é imprescindible contar con recursos, políticas, plans e proxectos que guíen a nosa actuación nesta materia. Se ben os plans de igualdade inclúen entre os seus eixos estratégicos a erradicación da violencia machista, faise indispensable levar a cabo plans específicos contra esta problemática nos que se articulen medidas concretas e específicas que favorezan avances reais e unha efectiva atención integral ás vítimas.

Non debemos esquecer que se a violencia machista é un asunto público que concirne a toda a sociedade, as accións encamiñadas a combatela tamén deben serlo. É fundamental a implicación da sociedade en ditas medidas se perseguímos un cambio de valores profundo.

Por todo elo, o Concello de Bueu propón unha serie de accións con vocación de traballar en clave de “laboratorio” e de acompañamento e poñendo no centro as necesidades das mulleres que enfrentan violencia machista. Combatir e erradicar a Violencia de Xénero, este grave problema social, no noso municipio, é o principal obxectivo deste **I Plan Municipal para a Erradicación da Violencia de Xénero (2021-2025)**.

Para eliminar a violencia de xénero, partimos en primeiro lugar do coñecemento do momento actual, por tanto é necesario analizar e facer un diagnóstico da situación despois de varios anos de posta en marcha da Lei Integral de 2004 e do resto de normativas aprobadas.

A continuación, en primeiro lugar, utilizase como diagnóstico da situación no momento actual, a nivel estatal, o Informe da Subcomisión para a Elaboración do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero. En segundo lugar, tamén se inclúe un diagnóstico da situación a nivel local.

2. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN

2.1. A Violencia de xénero como problema global e estrutural

A violencia contra as mulleres leva exercéndose historicamente e, a pesar dos avances acadados no camiño cara á igualdade de oportunidades, continúase exercendo baixo os parámetros dunha sociedade estruturada segundo o desequilibrio das relacións de poder e a causa da socialización de mulleres e homes desde a perspectiva patriarcal.

Non existe ningún país libre de violencia de xénero, xa que se trata dun fenómeno universal que, froito do sistema patriarcal, está presente en todas as culturas e en todos os niveis sociais e económicos, como veñen alertando diferentes organismos e países:

En 1972 Bruxelas acolle o Tribunal contra os Crimes Cometidos contra as Mulleres, coa asistencia de máis de 2.000 mulleres de 40 países.

Na cidade de México, en 1975, proclámase o Ano Internacional da Muller, mediante o cal se pon énfase na necesidade de poñer fin á violencia contra as mulleres e nenas.

En 1980, o grupo de expertos e expertas das Nacións Unidas recoñece que a violencia cara ás mulleres é o crime encuberto más frecuente no mundo.

Por primeira vez, en 1986, o Parlamento Europeo trata o grave problema que supón a violencia doméstica mediante a Resolución A-44/86, sobre agresións a mulleres.

Segundo o informe elaborado polas Nacións Unidas en setembro de 2000 sobre o estado da poboación mundial, mulleres de todo o mundo sufren violencia de xénero, mulleres de todas as idades e condicións sociais.

En España, na actualidade, dispoñemos dunha ampla relación de normas, a destacar a Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero que foi aprobada para dar unha resposta global, integral e multidisciplinar á violencia que se exerce sobre as mulleres, por quen sexa ou fose os seus cónxuxes ou de quen estea ou estivese ligado a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia. A lei recolleu a regulación de toda unha serie de medidas nos ámbitos penal, educativo, sanitario, social, policial, xudicial e de medios de comunicación. Créanse Xulgados de Violencia sobre a Muller e a figura do Fiscal contra a Violencia sobre a Muller, regulándose as medidas de protección.

A Lei 4/2015 do Estatuto da Vítima do Delito e a Lei de Protección á Infancia e á Adolescencia visibiliza como vítimas aos e ás menores que se atopan nunha contorna de violencia de xénero.

A nivel autonómico temos a Lei 14/2021, do 27 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamiento integral da violencia de xénero.

2.2. Concepto de violencia de xénero

O sistema de xénero non só establece diferenzas, senón que constrúe desigualdades simbólicas e materiais. Ao existir unha xerarquización dos roles e das identidades de xénero que outorgan máis valor aos masculinos, xérانse unhas relacións de poder

desiguais que determinan que as mulleres se sitúen nunha posición subordinada respecto aos homes que dan orixe a diferentes tipos de violencia:

Violencia doméstica ou familiar: a violencia doméstica é a manifestación da violencia de xénero máis habitual. Exércease maioritariamente dentro do ámbito familiar, onde, a pesar das crenzas culturais na contorna da familia (o respecto, a protección, o crecemento), márcanse as diferenzas que favorecen e provocan as condutas agresivas. Tamén se exerce con frecuencia no ámbito público, especialmente nos casos de ataques da parella ou ex-parella no transcurso dos trámites vinculados á separación das persoas implicadas. Este tipo de violencia inclúe a física, a psicolóxica ou a emocional e, moi a miúdo, a sexual. Tamén se consideran violencia doméstica ou familiar os malos tratos cara a persoas menores e aos ancianos e ancianas, colectivos vulnerables tamén ás consecuencias dunha relación intrafamiliar deteriorada e co hábito de resolver as situacións de conflito pola forza e sen diálogo algúns.

Violencia física: comprende calquera acto non accidental que implique o uso deliberado da forza como labazadas, golpes, malleiras, empuxóns, feridas, fracturas, que poidan provocar lesión, dano físico e deterioración.

Violencia psicolóxica: conduta intencionada e prolongada no tempo, que inclúe palabras e interaccións como insultos, ameazas, illamentos, silencios ofensivos, descualificacións, etc. e que ten como obxectivo o exercicio do dominio nunha relación e como consecuencia a perda de dignidade, da identidade e a autoestima da vítima.

Violencia sexual: imposición á muller dun comportamento sexual contra a súa vontade, prodúzase por parte da súa parella ou por parte doutras persoas.

Violencia económica: consiste en limitar á muller o acceso aos recursos económicos, traballo e/ou educación.

Violencia social: humillacións, descualificacións e burlas en público.

Estas formas e actos de violencia poden darse en varios contextos, públicos ou privados, na familia, na comunidade, no ámbito laboral, nos conflitos armados, nas tradicións e nos medios de comunicación.

2.3. Permanencia da violencia de xénero na nosa sociedade

A pesar dos avances legais de carácter nacional e internacional na loita contra a violencia de xénero, as mulleres seguén sendo controladas, ameazadas, agredidas e asasinadas. Segundo o informe da fiscalía Xeral do Estado “continúa sendo demasiado alto o número de vítimas mortais e das que non denuncian, como tamén o silencio de familiares, veciñanza e amizades, mesmo tamén son escasas as denuncias de profesionais”.

Por outra banda aumentaron outras formas de violencia de xénero como a trata de mulleres e de menores con fins de explotación sexual; ademais os avances tecnolóxicos permiten aos agresores acceder a novas formas de control, sobre todo entre adolescentes e persoas novas, pois as redes sociais demostráronse como un instrumento para controlar, vixiar, premer ou desprestixiar a unha persoa aproveitando o anonimato e a gran repercusión que ten a rede.

A Macro-enquisa de Violencia contra a Muller de 2019, cuxos resultados por desgraza

aseméllanse enormemente aos da de 2015, mostra que o 57,3% das mulleres de 16 anos ou máis que residen no noso país foron vítimas de violencia de xénero nalgúnha das súas formas —xa sexa física, sexual, económica ou psicolóxica, así como acoso sexual, xa sexa dentro ou fóra da parella ou ex-parella.

A enquisa mostra así mesmo unha maior prevalencia entre as mulleres novas: o 71,2% entre 16 e 24 anos e o 68,3% entre 25 e 34, fronte ao 42,1% das maiores de 65. De todos os xeitos estes datos deben tomarse con reserva, pois poden deberse a que as mulleres novas identifican máis tipos de violencia e son más proclives a falar delas.

Ademais, como novidade fronte á anterior, esta macro-enquisa contabiliza o acoso sexual e o acoso reiterado ("stalking") como formas de violencia machista. O primeiro recoñece sufrilo o 40,4% das mulleres maiores de 16 anos, de cuxo porcentaxe o 75% afirma experimentalo máis dunha vez.

En canto ao acoso reiterado definido como comportamentos realizados por unha mesma persoa repetidamente e de forma que causaron medo, ansiedade ou angustia á muller entrevistada: chamadas telefónicas obscenas, ameazantes, molestas ou silenciosas, que tiveran seguido ou espiado á muller, que lle danaran intencionadamente cousas súas ou lle fixeran propostas non apropiadas na internet ou en redes sociais, este foi experimentado polo 15,2% de mulleres das cales o 60% sufriron cunha frecuencia semanal ou diaria.

As cifras revelan que o obxectivo de erradicar a violencia de xénero aínda está moi lonxe de alcanzarse, pois cada ano hai entre 50 e 60 mulleres asasinadas, unha cifra que non varía desde que en 2003 comenzaron a rexistrarse. Igualmente importante é entender que as agresións sexuais só en torno ao 20% son cometidas por homes estraiños, fronte ao 80% cometidas por homes coñecidos, familiares ou amigos das vítimas. Destas agresións estimase que só se coñece en torno ao 18-20% dos casos, manténdose en silencio a maior parte das agresións que se sofrén por exemplo nun piso de estudiantes ou dentro do matrimonio. De feito, dentro dos datos de violencia sexual dentro da parella, o 9,2% das mulleres maiores de 16 anos que teñen ou tiveron parella aseguran sufrir violencia sexual, fronte ao 8,4% que o aseguraban en 2015. A forma máis prevalente é a de obrigar á muller para manter relacións sexuais cando non quería, unha agresión tipificada no noso código penal como violación.

En canto á violencia física sufrida dentro da parella a macro-enquisa sinala que o 11,4% das mulleres maiores de 16 anos que teñen ou tiveron parella sufrírona. En 2015 esta porcentaxe era do 10,7% sendo as más prevalentes as labazadas, empuxóns e tiróns de pelo, fronte á asfixia, as malleiras e as ameazas cunha arma, as que menos se producen.

Pola súa banda, a violencia económica foi recoñecida polo 12% das mulleres maiores de 16 anos que teñen ou tiveron parella, porcentaxe que en 2015 era de 11,2%.


A violencia psicolóxica sería a más prevalente das catro analizadas dentro do ámbito da parella ou ex-parella: recoñecida en 2019 polo 24,2% fronte ao 22,8% en 2015. Dentro deste tipo recólleñense os insultos, ameazas con infrinxir dano e humillacións diante doutras persoas.

Normalmente estas violencias non se dan illadas aínda que apenas se denuncian o 28,7% dos casos, porcentaxe idéntico ao de 2015.

En canto ás denuncias sobre violencia sexual fóra do ámbito da parella, a macro-enquisa recolle que só o 8% das mulleres denunciárono na Policía, Garda Civil ou Xulgado. Os principais motivos para este dato tan baixo son que “tivo pouca importancia ou non o considerou violencia” (30,5%), que “era menor” (35,4%), “por vergoña” (25,9%) ou “por temor a que non a cresen” (20,8%).

O Informe de xullo de 2021 publicado polo Ministerio de Igualdade mostra que as cifras revelan que o obxectivo de erradicar a violencia de xénero cáñda está moi lonxe de alcanzarse, pois o número de mulleres vítimas mortais no ámbito das relacións de parella, pois outras formas de violencia non se contabilizan nos boletíns da Delegación de Goberno, entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de xullo de 2021 foi de 1.109, presentando a seguinte distribución anual:

Gráfica 1: Nº de mulleres vítimas mortais por violencia de xénero, de xaneiro de 2003 a xullo de 2021



Fonte: Ministerio de Igualdade. Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero

Dentro deste cadre, os datos en Galicia nos últimos nove anos, e especialmente na provincia de Pontevedra na cal se contextualiza o noso Plan de igualdade, son os seguintes:

Táboa 1: Nº de mulleres víctimas mortais por violencia de xénero, de decembro de 2013 ata xullo de 2021

| | Total | Ano | | | | | | | | | |
|------------|-------|-----------------|------|------|------|------|------|------|------|------|--|
| | | Ata 31 xullo 21 | 2020 | 2019 | 2018 | 2017 | 2016 | 2015 | 2014 | 2013 | |
| GALICIA | 16 | 0 | 1 | 2 | 0 | 1 | 2 | 1 | 6 | 3 | |
| A Coruña | 4 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 4 | 0 | |
| Lugo | 6 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 2 | 0 | 0 | 3 | |
| Ourense | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | |
| Pontevedra | 6 | 0 | 0 | 2 | 0 | 1 | 0 | 1 | 2 | 0 | |

Fonte: Ministerio de Igualdade. Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero.

2.4. É posible cambiar a situación existente.

Desde a aprobación da Lei 2004 os sistemas de información, dispositivos de seguridade ou prestacións sociais resultaron vitais para miles de mulleres:

- A liña 016, servizo telefónico de Información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero que non deixa rastro na factura telefónica. Este servizo rexistrou 78.886 chamadas en 2020 sobre vítimas de violencia de xénero, un 14,8% máis que o ano anterior. En total, desde que se puxo en marcha este servizo telefónico no ano 2007, xa superou 1.000.000 o número das chamadas pertinentes que se contestaron sobre esta materia.

A dirección do servizo 016 online de información e asesoramiento xurídico en materia de violencia de xénero online é 016-online@igualdad.gob.es. Xunto a el funciona o servizo psicolóxico inmediato vía mensaxería instantánea ("Whatsapp") a través dos teléfonos 682 916 136 e 682 508 507.

No seguinte mapa observamos a distribución xeográfica do nº de chamadas pertinentes atendidas no 016, segundo provincia, de mulleres de 15 e máis anos en xullo 2021: 305 producirse dentro da nosa comunidade e 104 en Pontevedra:

Gráfico 2: Nº de chamadas pertinentes atendidas no 016, Xullo 2021



Fonte: Ministerio de Igualdade. Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero.

- ATENPRO, servicio de Atención e Protección para víctimas de violencia de xénero, é un sistema de seguimiento por medios telemáticos das medidas de afastamento. En total, en xullo de 2021 o número de usuarias activas en España do servizo ATENPRO foi de 16.250, das cales 676 pertencen á nosa comarca e 177 á nosa provincia, como se observa na gráfica 2.

- En canto á distribución xeográfica por provincia dos dispositivos activos, os datos absolutos de mulleres de 15 e máis anos en xullo de 2021, como se ve na gráfica 3 hai 107 en Galicia e 26 en Pontevedra;

Gráfica 3 : Nº de usuarias activas do servizo ATENPRO, Xullo 2021



Gráfica 4: Nº de dispositivos activos, Xullo 2021



Fonte: Ministerio de Igualdade. Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero.

– VIOXEN, o sistema de seguimiento integral en diferentes niveis de protección policial, contaba con 647.957 casos activos en España e 1.192 en Pontevedra a 31 de xullo de 2021. Destes últimos 0 casos presentaban risco extremo, 23 alto, 221 medio e 498 baixo, como se observa na seguinte táboa:

Táboa 2: Nº de casos activos no sistema VIOXEN, Xullo 2021

| Galicia PROVINCIA | NIVEL DE RISCO (Casos activos) | | | | | CASOS | | | VÍTIMAS |
|---|--------------------------------|--------|-------|------|---------|-------------------|-----------|---------|---------|
| | Non apreciado | Baixo | Medio | Alto | Extremo | Activos | Inactivos | Total | |
| A Coruña | 647 | 874 | 206 | 17 | 0 | 1.744 | 12.042 | 13.786 | 12.487 |
| Lugo | 275 | 233 | 62 | 6 | 0 | 576 | 3.665 | 4.241 | 3.845 |
| Ourense | 206 | 126 | 25 | 3 | 0 | 360 | 3.681 | 4.041 | 3.651 |
| Pontevedra | 450 | 498 | 221 | 23 | 0 | 1.192 | 12.695 | 13.887 | 12.482 |
| TOTAL GALICIA | 1.578 | 1.731 | 514 | 49 | 0 | 3.872 | 32.083 | 35.955 | 32.465 |
| TOTAL ESPAÑA | 30.477 | 27.287 | 7.210 | 857 | 17 | 65.848 | 572.675 | 638.523 | 575.700 |
| Fonte: Ministerio de Igualdade Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero | | | | | | CASOS BAIXA | | | 652 |
| | | | | | | CASOS ESTRANXEIRO | | | 8.782 |
| | | | | | | TOTAL CASOS | | | 647.957 |

Xunto a estes puxérонse en marcha recursos autonómicos de asistencia social integral ás vítimas de violencia de xénero e ás súas fillas e fillos, entre os que destanacan segundo a Secretaría Xeral de Igualdade:

– Unha rede de casas de acollida que están interconectadas entre si e que prestan servizo en distintas localidades das catro provincias galegas en colaboración con outras institucións.

A Secretaría está adherida ao Protocolo nacional de derivación entre as comunidades autónomas para a coordinación das súas redes de centros de acollida para as mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillas e fillas.

- Como recurso complementario a este protocolo, en colaboración coa AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica), púxose en marcha o mapa de recursos en liña para loitar contra a violencia de xénero.
- Os Centros de Información á Muller (CIM), rede de titularidade municipal apoiada pola Xunta, ten 83 centros con representación nas catro provincias galegas que dan servizo a 182 Concellos galegos, entre eles Bueu.

2.5. Pacto de estado en materia de violencia de xénero

Acádanse avances se hai un compromiso de todos os sectores políticos e sociais para poñer como asunto prioritario a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres.

A eliminación da violencia contra a muller é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que implica a moitos axentes, inclúe diversas actuacións desde distintos ámbitos profesionais que reclaman máis e mellor coordinación e unha visión transversal e integral na resposta.

Con conciencia diso en decembro do 2017, os distintos Grupos Parlamentarios, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais representadas na Federación Española de Municipios e Provincias, ratificaron o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Este Pacto de Estado supón a unión dun gran número de institucións, organizacións e persoas expertas na formulación de medidas para a erradicación da violencia sobre as mulleres. O Pacto implica incidir en todos os ámbitos da sociedade e estrutúrase en 11 eixos: 1/Sensibilización e prevención; 2/Mellora na resposta institucional; 3/ Perfeccionamento da asistencia, axuda e protección ás vítimas; 4/Asistencia e protección dos e das menores; 5/Impulso á formación dos distintos axentes; 6/Seguimiento estatístico; 7/Recomendacións ás Administracións Públicas e outras institucións; 8/ Visualización e atención doutras formas de violencia contra as mulleres; 9/Compromiso económico; 10/Seguimento do pacto.

3. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN EN BUEU


3.1. Características do municipio

O municipio de Bueu está situado ao noroeste da provincia de Pontevedra, nas denominadas Rías Baixas, e ocupa unha extensión de 31 km², dos cales 10 km² son de costa. Como vila integrante da península do Morrazo, limita ao norte coa Ría de Pontevedra, ao sur co Concello de Cangas, ao nordeste co Concello de Marín, co de Moaña polo sueste e ao oeste coa ría de Aldán.

A súa localización no eixo de desenvolvemento Pontevedra-Vigo, favorece a conexión con importantes núcleos urbanos, coa capital da provincia, Pontevedra, da que dista a 19 km. e con Vigo a través da N.550 ou ben pola autoestrada A-9 cruzando a ponte de Rande sobre a ría de Vigo.

O municipio, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, a 1 xaneiro de 2020 conta cunha poboación de 11.950 dos cales 5.878 son homes e 6.072 son mulleres.

Gráfica 5: Poboación total en Bueu / sexo a 1 xaneiro de 2020



Fonte: IGE


Gráfica 6: Poboación en Bueu por grupos de idade / sexo a 1 xaneiro de 2020



Fonte: IGE

No que respecta á poboación total nacida no estranxeiro hai 159 homes y 217 mulleres, como vemos por continente de procedencia e sexo na seguinte gráfica:

Gráfica 7: Poboación en Bueu por continente de procedencia / sexo a 1 xaneiro de 2020



Fonte: IGE

A economía baséase principalmente na pesca de arrastre, que na actualidade posúe máis de 100 barcos de baixura. Ademais, existe a pesca de altura e de gran altura que neste momento provocan o éxodo dos barcos cara a caladoiros afastados, áinda que esta flota fai base nouros portos de maior magnitude como os dos municipios próximos de Marín e Vigo. A pesca combínase co cultivo do mexillón en bateas, sendo esta a industria que maior riqueza proporciona á zona, xunto coas industrias conserveras. Outras industrias importantes dentro da comarca son a construcción, a hostalería e a restauración, que constitúen as principais actividades no sector terciario.

3.2. Instrumentos cos que conta o municipio para a erradicación da violencia de xénero.

A municipalidade conta cun IV PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE BUEU (2018-2021) no que se contempla a área de violencia de xénero e dentro da cal se establecen unha serie de accións. Este I PLAN MUNICIPAL PARA A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DE BUEU (2021-2025) nace co obxectivo de acoller e dar maior coherencia e solidez a estas accións:

1. Elaboración dun protocolo de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.
2. Organización de obradoiros de prevención e información de ciberacoso e seguridade na rede para alumnado, profesorado e ANPAS.
3. Continuar a colaboración cos centros educativos nos actos de sensibilización do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as mulleres.
4. Continuar os obradoiros de Prevención da Violencia de Xénero en alumnado de educación secundaria.
5. Realización dunha convocatoria para o deseño de proxectos de prevención da violencia de xénero por parte do Concello.
6. Realización dunha «Marcha contra a violencia de xénero».
7. Realización de obradoiros de habilidades sociais e autoestima para mulleres.
8. Anteposición da contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero na oferta de emprego público.
9. Realización de xornadas técnicas específicas en prevención da violencia de xénero para o persoal do Centro de Saúde e Policía Local.
10. Mantemento do servizo de asesoramento xurídico e psicolóxico do Centro de Información ás Mulleres.
11. Contratación de persoal auxiliar administrativo para o Centro de Información ás Mulleres.
12. Contratación de axente de Igualdade de Oportunidades para o Centro de Información ás Mulleres.
13. Facilitar e subvencionar a formación especializada e actualizada en violencia

de xénero ao persoal que intervén na atención ás vítimas de violencia de xénero.

14. Inclusión e mantemento dun espazo específico e visible do Centro de Información ás Mulleres na páxina web do Concello.

15. Reforzo da coordinación entre o Centro de información ás Mulleres e o Centro de Saúde.

16. Reforzo da coordinación entre o Centro de Información ás Mulleres e a Policía Local, coa adscrición dun/dunha axente específico/a ao Centro de Información ás Mulleres.

Ademais, atópanse os seguintes instrumentos, dos que pode servirse o Concello para a súa política de erradicación de violencia de xénero:

- Servizos sociais.
- CIM (Centro de Información ás mulleres) con 1 avogada e 1 psicóloga
- Polícia local
- Cruz Vermella
- Garda Civil
- Concellería de Igualdade
- Omix de Bueu

A culminación de todas estas políticas é a elaboración e publicación deste I PLAN MUNICIPAL PARA A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DE BUEU (2021-2025), contando coa participación de todos os grupos profesionais implicados na prevención e tratamento deste serio problema social.

3.3. Situación da violencia de xénero en Bueu

Como se sinala no Plan de Igualdade, a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, é realizada no Centro de Información ás Mulleres, pola avogada e unha psicóloga en coordinación con outros axentes sociais como as Forzas e Corpos de Seguridade e o Centro de Saúde.

A coordinación é total entre o CIM e a Garda Civil, que conta con formación especializada para intervir en situacións de violencia de xénero, e que participa na formación continua do seu persoal a través de asistencia de cursos específicos de atención a mulleres en situación de violencia.

As actuacións levadas a cabo por este corpo en coordinación co CIM van dirixidas a prestar información, apoio e derivación ao centro en relación aos feitos denunciados polas vítimas de violencia de xénero. Nestas actuacións, ofrecen información acerca das situacións das que teñen coñecemento e asesoramento para afrontar con éxito a presentación da denuncia; traballan coas vítimas que non teñen o valor para afrontar a denuncia pola inseguridade e medo que lles provoca o cambio nas súas vidas,



especialmente a dos seus fillos e fillas a cargo; así como tamén imparten charlas sobre violencia de xénero en colexios e institutos.

A actuación da Policía Local en violencia de xénero está condicionada pola escaseza de recursos específicos para intervir nestas situacions debido a que non teñen formación para atender a vítimas de violencia e non disponen dun protocolo de actuación propio para realizar as primeiras atencións, senón que adoitan derivalas á Garda Civil.

O papel dos servizos de saúde de atención primaria na detección da violencia de xénero tamén é fundamental, de aí a importancia da participación coordinada co CIM. A maioría do persoal técnico do Centro de Saúde de Bueu non ten formación para atender a mulleres en situación de violencia de xénero e tampouco dispón dun protocolo propio para atender estes casos, aínda que o persoal sanitario da Comunidade Autónoma dispón dun protocolo de actuación ante a violencia e dun plan de formación no que se inclúen cursos de atención ás vítimas.

Ademais do asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero, cada ano incremántase o número de mulleres que acoden ao CIM para solicitar outro tipo de asesoramento xurídico e psicolóxico. Ao longo de 2020 un total de 34 mulleres recibiron asesoramento xurídico no CIM por motivos de violencia de xénero, como se detalla na seguinte táboa:


Táboa 3: N° de consultas de mulleres vítimas de violencia de xénero atendidas no servizo de asesoramento xurídico e psicolóxico do CIM de Bueu. Do 1/1/2020 ao 31/12/2020

| Total consultas atendidas no CIM por causa de violencia de xénero | |
|---|----|
| Atención xurídica vítimas violencia de xénero | 19 |
| Atención psicolóxica vítimas violencia de xénero | 1* |
| Outras consultas sobre violencia de xénero | 14 |

*por motivos persoais o servizo non estivo activo durante varios meses

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados polo CIM

Gráfica 8: Consultas realizadas no CIM de Bueu por causa de violencia de xénero por grupos de idade. Do 1/1/2020 ao 31/12/2020



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados polo CIM

Táboa 4: N° de casos activos no sistema VIOXEN no Concello de Bueu segundo nivel de risco a Decembro 2020

| NIVEL DE RISCO (Casos activos) | | | | | CASOS | VÍCTIMAS |
|--------------------------------|-------|-------|------|---------|---------|----------|
| Non apreciado | Baixo | Medio | Alto | Extremo | Activos | |
| 11 | 6 | 4 | 1 | 0 | 22 | 22 |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados polo CIM

Finalmente sinalar que en Decembro de 2020 hai 4 casos activos rexistrados en ATENPRO.

4. OBXECTIVOS XERAIS

Este I PLAN MUNICIPAL PARA A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DE BUEU (2021-2025) propón como obxectivos xenerais:


1. Previr a violencia de xénero fomentando a coeducación reforzando os valores igualitarios, para evitar que as futuras xeracións reproduzan os estereotipos transmitidos segundo o sexo.
2. Sensibilizar á ciudadanía para que adopte unha actitude inequívoca de rexeitamento cara á violencia e un compromiso claro de tolerancia cero.
3. Garantir ás mulleres que as sufren e ás súas fillas e fillos unha atención integral, que incida sobre as diferentes dimensións que configuran esta problemática.
4. Mellorar a coordinación do persoal especializado que intervén nun caso de violencia de xénero, así como a definición dos protocolos de cada ámbito.
5. Garantir as condicións (formativas, sociais sanitarias, laborais...) necesarias para que estas mulleres cos seus fillos e fillas logren unha vida autónoma e independente.

5. ÁREAS DE TRABALLO E LIÑAS ESTRATÉXICAS

Para o cumprimento destes obxectivos, o I PLAN MUNICIPAL PARA A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DE BUEU (2021-2025) desenvolve as súas accións ao redor de tres áreas fundamentais: prevención, atención integral e colaboración entre todas as entidades.

5.1. Área de prevención

A violencia de xénero é un problema social, orixinado pola desigualdade existente entre mulleres e homes na nosa sociedade que se foi reproducindo e transmitindo



de xeración en xeración. Hai que traballar nas causas que a orixinan, é dicir, hai que actuar no modelo patriarcal.


Neste sentido, toda estratexia preventiva debe ir dirixida a modificar as pautas sociais e culturais de comportamento baseadas na idea de inferioridade ou superioridade dun dos sexos, así como a desmitificar situacións, comportamentos e condutas que, tradicionalmente, foron xustificadas por razóns amorosas, por exemplo os celos ou o amor romántico.

A formación convértese nunha das liñas estratéxicas fundamentais da prevención. Unha formación que interveña en todos os ámbitos: familiar, educativo, xurídico, sanitario, social, institucional, mediático e policial. Esta formación, debe ir dirixida especialmente á mocidade, deixando atrás a idea da violencia de xénero como un asunto privado, pertencente á intimidade da parella e ao espazo do doméstico, así como aos diferentes colectivos profesionais relacionados coa prevención, a detección ou o tratamento da violencia de xénero.

Xunto á formación, outra liña estratéxica da prevención é a sensibilización, polo que é necesario realizar accións co obxectivo de que a sociedade no seu conxunto perciba a violencia machista como un problema social grave, pois lamentablemente aínda non se considera así.

E por último está a información, pois se debe dotar á cidadanía de ferramentas para detectar e manexar correctamente as situacións de violencia propias e da contorna.

Resumindo, este Plan propón tres liñas estratéxicas para traballar a prevención: a formación, a sensibilización e a información.



5.2. Área de atención integral

A violencia de xénero é un problema no que se integran, de xeito complexo, múltiples dimensións. Neste sentido, podemos afirmar que a violencia de xénero é un problema social, sanitario, legal, psicolóxico, de seguridade, económico, laboral, etc., e que require, por tanto, unha intervención integral e especializada que aborde cada unha destas dimensións, e na que se impliquen todos os servizos que interveñen nas situacións de violencia de xénero.

Para garantir esta atención integral, este Plan define catro estratexias:

- A. A detección precoz de situacións de violencia de xénero, facendo especial incidencia na identificación dos comportamentos violentos.
- B. A información e asesoramento sobre os dereitos e os recursos de apoio que

existen para facerlle fronte.

C. A intervención coordinada e eficaz en situacións de urxencia.

D. A atención, acompañamento e seguimento, tras a intervención en casos de urxencia ou da detección dunha situación de violencia de xénero.



5.3. Área de Colaboración

Unha atención integral, como a que propuxemos, debe completarse coa articulación de mecanismos que permitan lograr unha vida máis autónoma e independente.

Neste sentido, consideramos fundamental a adopción de medidas encamiñadas a facilitar, nos casos en que sexa necesario, apoio psicolóxico, así como o acceso a un traballo remunerado e a unha vivenda, xa que a ausencia destas condicións impide ou atrasa a volta das persoas vítimas de violencia de xénero a unha vida normalizada.

Un apoio deste tipo, que poderíamos cualificar de institucional, debe ir unido a un apoio social. É esencial que as persoas que sufren a violencia de xénero, sintan a solidariedade e o respaldo da sociedade civil. Na medida en que contem con máis recursos e apoios, será máis fácil dar os pasos necesarios para saír destas situacións, identificándoas claramente como un atentado aos seus dereitos inalienables.

Para promover unha vida máis autónoma e independente, este plan afiánzase en dous tipos de estratexias:



- A.Apoio institucional coordinado, centrado no reforzo psicolóxico, a formación, o emprego e a vivenda.
- B.Apoio social, contando coa participación e o apoio do asociacionismo local.

6. PRINCIPIOS TRANSVERSAIS

A consideración da violencia de xénero como un problema multidimensional fai que os obxectivos e accións propostos neste Plan teñan un carácter global, no sentido de implicar a coordinación de todos os recursos e organizacións sociais do municipio.

Só desde a coordinación dos servizos sanitarios, educativos, sociais, xurídicos, psicolóxicos, policiais, xudiciais e de desenvolvemento local, así como das asociacións cidadás e sobre todo, cunha forte apostase dos poderes públicos, será posible avanzar na prevención, protección, asistencia integral e a recuperación da violencia de xénero. Por iso, este I Plan para a Erradicación da Violencia de Xénero establece, como principios transversais, a coordinación institucional e a participación cidadá.

O Concello de Bueu xa ven traballando na mellora da coordinación institucional, probadiso é a constitución da Mesa de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

E por outra banda, incrementouse a participación cidadá por medio da fluída comunicación entre os centros educativos do municipio de Bueu e a Concellería de igualdade que permite que de forma coordinada entre ambos se organicen actividades e campañas de prevención, sensibilización e formación non só en torno ao Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero.

7. OBXECTIVOS, ACCIÓNS, AXENTES E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DAS LIÑAS ESTRATÉGICAS

Liña Estratéxica 1

Sensibilización como prevención da violencia de xénero

| OBXECTIVO | ACCIÓN | COORDINACIÓN / INTERVENIENTES | AVALIACIÓN |
|---|--|---|---|
| 1.1 Concienciar á poboación da gravidade da violencia de xénero e da necesidade de acabar coa tolerancia social cara a ela. | 1.1.1. Realización de campañas dirixidas a concienciar á poboación de que a violencia que sufren as mulleres é un atentado contra os dereitos humanos e de que é necesario promover o rexitamento social cara a este fenómeno. | Mesa de Coordinación Interinstitucional Concellería de igualdade | Nº de campañas realizadas Nº de asistentes ás campañas |
| | 1.1.2. Participación das asociacións de mulleres e feministas, Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (en diante AMPAS) e demás asociacións nas campañas institucionais. | Mesa de Coordinación Interinstitucional Concellería de igualdade | Nº de campañas realizadas Nº de asistentes ás campañas |

| | | | |
|--|--|---|--|
| | <p>1.1.3. Impulso de campañas nos centros educativos para promover os valores da xustiza igualitaria e dos dereitos humanos.</p> <p>1.1.4. Realización dunha programación de actividades en torno ao 25 de Novembro coa participación dos centros educativos e da cidadanía en xeral</p> <p>1.1.5. Realización de campañas de sensibilización para evitar o ciberacoso.</p> | Concellería de igualdade Equipos directivos dos centros educativos | Nº de campañas realizadas Nº de asistentes ás campañas |
| 1.2. Implicar aos medios de comunicación locais para que actúen como axentes na prevención da violencia de xénero. | <p>1.2.1. Establecemento de contactos con profesionais que traballan nos medios de comunicación locais para concienciarlles da importancia de evitar a transmisión de estereotípos sexistas e de imaxes que atenten contra a dignidade das mulleres, como medio para previr a violencia de xénero.</p> <p>1.2.2. Establecemento de contactos con profesionais que traballan nos medios de comunicación locais para velar polo cumprimento da lexislación vixente en materia de difusión da información relativa a violencia de xénero.</p> | Medios de comunicación locais. Mesa de Coordinación Interinstitucional Concellería de igualdade | Nº de reunións con profesionais dos medios de comunicación. Acordos adoptados para evitar a transmisión de estereotípos sexistas e de imaxes que atenten contra a dignidade das mulleres. |
| 1.3. Concienciar aos pais e naís da importancia de ofrecer ás súas fillas e fillos unha educación que non sexa discriminatoria, transmitindo valores de igualdade, respecto aos dereitos humanos e non violencia | <p>1.3.1. Realización de obradoiros (Escolas de Familias) encamiñados a sensibilizar ás familias da necesidade de transmitir aos seus fillos e fillas valores e patróns de conducta que superen os estereotípos sexistas e que garантan a igualdade de oportunidades.</p> <p>1.3.2. Realización de campañas dirixidas a familias sobre a transcendencia dos xogos e xoguetes bélicos e sexistas.</p> | ANPAS Concellería de igualdade | Nº de obradoiros realizados Nº de asistentes aos obradoiros |
| 1.4. Sensibilizar ao persoal docente e educador da gravidade da violencia de xénero e da necesidade de traballar a prevención no ámbito educativo fomentando unha actitude positiva orientada á coeducación. | <p>1.4.1. Establecemento de contactos con profesionais de todos os centros educativos e asociacións xuvenís do municipio para promover a inclusión, nos programas docentes e educativos, de cuestións relativas á igualdade de oportunidades e a resolución pacífica de conflitos.</p> <p>1.4.2. Fomento da elaboración dun programa de sensibilización educativa en violencia de xénero.</p> | Concellería de igualdade Equipos directivos dos centros educativos Asociacións xuvenís | Nº de reunións realizadas con centros educativos e asociacións xuvenís. Acordos adoptados para incluir estes programas. |
| | | Concellería de igualdade Equipos directivos dos centros educativos | Acordos adoptados para incluir estes programas. |

| | | | |
|---|--|---|--|
| 1.5. Sensibilizar á comunidade educativa da necesidade de manter unha actitude positiva ante o respecto aos dereitos humanos e a resolución pacífica dos conflitos. | 1.5.1. Dotación ao persoal docente e educador de materiais que lles axuden a traballar nas aulas, a sensibilización, prevención e actuación ante a violencia de xénero. | Concellería de igualdade Equipos directivos dos centros educativos | Nº de materiais proporcionados |
| | 1.5.2. Realización de campañas nas aulas e outros foros educativos sobre os dereitos humanos, dereitos das nenas e os nenos, 25 de novembro, Día da Paz, 8 de marzo. | Concellería de igualdade Equipos directivos dos centros educativos | Nº de campañas realizadas Nº de asistentes ás campañas |
| 1.6. Previr casos de violencia e abusos sexuais durante as festas. | 1.6.1. Realización de campañas durante as festas e festivais en Bueu para previr os abusos sexuais durante as mesmas. Campaña de "NON É NON" ou similares. | Concellería de igualdade | Nº de campañas realizadas Nº de asistentes ás campañas |
| | 1.6.2. Establecemento de puntos seguros de información e atención nas festas. | Policía local Guardia Civil Concellería de igualdade | Nº de puntos seguros de información e atención establecidos nas festas e festivais |
| 1.7. Implicar ás asociacións locais para que actúen como axentes na prevención da violencia de xénero. | 1.7.1. Realización de charlas orientadas a sensibilizar ás asociacións locais do labor de colaboración que poden realizar nas políticas municipais dirixidas ás mulleres e especialmente, en prevención da violencia de xénero. | Asociacións locais Mesa de Coordinación Interinstitucional | Nº de charlas realizadas Nº de asistentes ás charlas |
| | 1.7.2. Establecemento de contactos coas asociacións locais de mulleres para elaborar de maneira conxunta a programación dos actos do 25 de novembro e do 8 de marzo. | Asociacións locais Mesa de Coordinación Interinstitucional | Nº de reunións e asistentes ás mesmas. Nº de actos organizados de maneira conxunta. |
| | 1.7.3. Establecemento de contactos coas asociacións locais para difundir as publicacións, información, materiais e actividades en relación coa prevención, sensibilización e actuación en casos de violencia de xénero, así como informar dos recursos municipais. | Asociacións locais Mesa de Coordinación Interinstitucional | Nº de reunións e asistentes ás mesmas. |
| | 1.7.4. Priorización, na convocatoria de subvencións a entidades municipais, daqueles proxectos que desenvolvan accións de prevención e sensibilización en materia de violencia de xénero. | Concellería de igualdade Asociacións locais | Nº de proxectos subvencionados e dotación dos mesmos. |

Liña Estratéxica 2

Formación

| OBXECTIVO | ACCIÓN | COORDINACIÓN / INTERVENIENTES | AVALIACIÓN |
|--|---|---|---|
| 2.1. Promover a coeducación, a convivencia e a xestión das emocións desde Educación Infantil. | 2.1.1. Realizar formación para erradicar estereotipos de xénero en todas as etapas educativas para o profesorado, persoal non docente e familias. | Equipo directivo dos centros educativos Concellería de igualdade | Nº de cursos realizados e asistentes aos mesmos |
| 2.2. Proporcionar ás mozas e mozos unha educación afectivo-sexual que contribúa a previr a violencia de xénero. | 2.2.1. Realización de cursos ou obradoiros de educación afectivo-sexual baseada na tolerancia, o respecto mutuo e a autonomía persoal. | Concellería de igualdade Omix de Bueu Equipo directivo dos centros educativos | Nº de cursos/ obradoiros realizados e asistentes aos mesmos |
| 2.3. Fomentar a formación específica de profesionais que interveñen en preventión e tratamento de violencia de xénero. | 2.3.1. Realización de cursos ou obradoiros nos ámbitos de sanidade, seguridade cidadá e atención a vítimas de violencia. | Centro de Saúde Policia Local Garda Civil Servizos Sociais Concellería de igualdade | Nº de cursos realizados e asistentes aos mesmos |
| 2.4. Promover os valores das novas masculinidades para xerar novos referentes masculinos. | 2.4.1. Difusión de materiais didácticos e tecnolóxicos vinculados ás novas masculinidades e a cultura da non-violencia. | Concellería de igualdade Omix de Bueu Equipo directivo dos centros educativos | Nº de materiais difundidos |

Liña Estratéxica 3

Información

| OBXECTIVO | ACCIÓN | COORDINACIÓN / INTERVENIENTES | AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|
| 3.1. Fomentar a investigación sobre a violencia de xénero no municipio e difundir investigacións, informes e demais materiais relacionados coa situación social das mulleres e, en especial, coa violencia de xénero. | 3.1.1. Elaboración dun informe anual sobre a violencia de xénero do noso municipio cos datos achegados polo CIM. 3.1.2. Adquisición, por parte da biblioteca municipal, de material bibliográfico e audiovisual sobre temas de xénero, igualdade de oportunidades, coeducación e violencia cara ás mulleres. | Concellería de igualdade CIM de Bueu Biblioteca Municipal | Nº de informes realizados Nº de materiais bibliográficos e audiovisuais adquiridos pola biblioteca. Nº de persoas que consultaron os materiais. |
| | 3.1.3. Mantemento da área da páxina Web do concello sobre cuestións de interese para as mulleres e, en especial sobre violencia de xénero. | Servizos informáticos municipais Concellería de igualdade | Nº de informacións aparecidas |
| | 3.1.4. Divulgación, a través dos medios de comunicación de implantación local, de información relativa á situación social da muller, utilizando unha linguaxe non sexista e unha estratexia informativa que en ningún momento xustifique a discriminación ou a violencia contra a muller. | Medios de comunicación locais Concellería de igualdade | Nº de programas dirixidos específicamente a tratar sobre a situación social da muller. Tratamento non sexista das informacións relativas ás mulleres. |

Líña Estratégica 4

Detección precoz de situacóns de violencia de xénero

| OBXECTIVO | ACCIÓN | COORDINACIÓN / INTERVENIENTES | AVALIACIÓN |
|---|--|---|--|
| 4.1. Manter a cooperación e coordinación da Mesa de coordinación interinstitucional en materia de violencia de xénero | 4.1.1. Establecemento de contactos cos diferentes ámbitos específicos que interveñen no municipio nun caso de violencia de xénero. | Concellería de Igualdade Centro de Saúde, Centros educativos, Servizos Sociais, Policía Local e Garda Civil | Nº de reunións mantidas |
| | 4.1.2. Seguimento dos protocolos e coordinación dos mesmos. | Concellería de Igualdade Centro de Saúde, Centros educativos, Servizos Sociais, Policía Local e Garda Civil | Nº de reunións mantidas |
| 4.2 Promover a formación dos e das profesionais dos servizos do municipio na detección precoz de situacións de violencia de xénero. | 4.2.1. Realización de formación para a identificación, detección precoz e atención de situacións de abuso e violencia de xénero. | Concellería de Igualdade Centro de Saúde, Centros educativos, Servizos Sociais, Policía Local e Garda Civil | Nº actividades formativas desenvolvidas e asistentes ás mesmas. |
| 4.3. Ofrecer desde o Concello formación e información para identificar e recoñecer condutas violentas. | 4.3.1. Realización de obradoiros, dirixidos a mulleres, para a identificación de situacións de abuso e violencia de xénero. | Asociacións de mulleres Poboación en xeral Concellería de Igualdade | Nº actividades formativas desenvolvidas e asistentes ás mesmas. |
| | 4.3.2. Elaboración de campañas e materiais informativos para a detección precoz de situacións de abuso e violencia de xénero. | Concellería de igualdade | Nº de campañas Nº de materiais realizados |
| 4.4. Facilitar ás distintas entidades a detección precoz de situacións de violencia. | 4.4.1. Establecemento de contactos cos centros educativos e centros de saúde para facilitar a tarefa de transmitir a información nos casos en que existen sospeitas sobre a existencia de situacións de violencia de xénero. | Concellería de igualdade Mesa de Coordinación Interinstitucional | Nº de reunións realizadas e Nº de asistentes. |
| | 4.4.2. Facilitar os recursos necesarios para o cumprimento dos protocolos profesionais correspondentes en materia de detección de violencia de xénero | Concellería de Igualdade Profesionais de Sanidade, Educación, Servizos Sociais, Policía Local e Garda Civil | Nº de recursos facilitados Realización e revisión dos protocolos. |

Liña Estratéxica 5

Información a sesoramento

| OBXECTIVO | ACCIÓN | COORDINACIÓN / INTERVENIENTES | AVALIACIÓN |
|---|---|---|--|
| 5.1. Garantir información escrita sobre os recursos municipais e non municipais existentes ante situacións de violencia de xénero. | 5.1.1 Reedición periódica da guía de recursos contra a violencia de xénero para mantela actualizada, na que se ofrece información sobre os dereitos e recursos existentes e a súa utilización nos casos de violencia de xénero. | Todos os servizos e recursos locais. Mesa de Coordinación Interinstitucional | Reedición da Guía. |
| | 5.1.2. Distribución da guía de recursos á poboación en xeral, a todas aquelas mulleres que soliciten información sobre esta problemática, a todos os servizos do municipio, ás asociacións locais, etc. | Todos os servizos e recursos locais. | Nº de exemplares distribuídos |
| 5.2. Proporcionar ás vítimas de violencia de xénero información e asesoramento sobre recursos municipais e non municipais nunha linguaxe clara. | 5.2.1. Informar dos servizos de atención ás vítimas de violencia de xénero existentes no municipio, das profesionais de referencia, así como dos horarios e forma de localización. | Profesionais dos servizos do municipio en atención directa á cidadanía | Nº de atencións realizadas. |
| | 5.2.2. Establecemento de contactos cos servizos do municipio para fomentar a capacidade de profesionais na adecuación das súas intervencións e transmisión de información. | Mesa de Coordinación Interinstitucional Todos os servizos e recursos locais | Nº profesionais dos servizos do municipio en atención directa formados/as. |
| | 5.2.3. Facilitar o contacto coa/o profesional que se necesite. | Profesionais dos servizos do municipio en atención directa á cidadanía. | Nº de atencións realizadas. |

Liña Estratéxica 6

Intervención en situacíons de urxencia

| OBXECTIVO | ACCIÓN | COORDINACIÓN / INTERVENIENTES | AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|
| 6.1. Promover a formación e información dos e das profesionais que interveñen en situacíons de urxencia de violencia de xénero. | 6.1.1. Establecemento de contactos cos servizos do municipio para fomentar a capacitación de profesionais na adecuación das súas intervencións e transmisión de información nas situacíons de urxencia. | Profesionais dos servizos do municipio. Mesa de Coordinación Interinstitucional | Nº de actividades formativas realizadas. |
| 6.2. Facilitar asistencia psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero. | 6.2.1. Asistencia psicolóxica, cando sexa preciso, durante as intervencións de urxencia. | Centro de Saúde Profesionais de Saúde Mental | Nº de mulleres e menores que reciben atención |
| 6.3. Garantir a seguridade das vítimas da violencia de xénero durante as intervencións de urxencia. | 6.3.1. Acompañamento policial á vítima de violencia de xénero en todos os trámites necesarios durante as intervencións de urxencia, nos casos en que exista risco para a súa seguridade. | Profesionais da Polícia Local e Garda Civil. | Nº de acompañamentos realizados. |
| | 6.3.2. Adopción de medidas para impedir a localización da vítima por parte do agresor. | Profesionais da Polícia Local e Garda Civil. | Nº de medidas adoptadas |
| | 6.3.3. Información ás mulleres vítimas da violencia das medidas de seguridade que debe adoptar para protexerse do seu agresor. | Profesionais da Polícia Local e Garda Civil. | Nº de atencións realizadas |
| 6.4. Garantir as necesidades básicas inmediatas en situacíons de necesidade. | 6.4.1. Intervención e acceso ás prestacións económicas individualizadas e programas en situacíons de urxencia. | Servizos Sociais Municipais. CIM | Nº de axudas concedidas/mulleres que as solicitaron |
| 6.5. Responder á necesidade de aloxamento protexido de vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas. | 6.5.1. Realización dos trámites necesarios para ofrecer ás vítimas de violencia de xénero a posibilidade de traslado a un Centro de acollida durante as intervencións de urxencia. | Servizos Sociais Municipais. CIM Profesionais da Polícia Local e Garda Civil | Nº de trasladados e/o aloxamentos tramitados. |

Liña Estratéxica 7

Atención, acompañamento e seguimiento

| OBXECTIVO | ACCIÓN | COORDINACIÓN / INTERVENIENTES | AVALIACIÓN |
|---|--|---|--|
| 10.1.Incrementar a participación cidadá na política municipal dirixida a loitar contra a violencia de xénero. | 10.1.1.Creación dunha Mesa de igualdade na que participen asociacións e entidades de implantación local, encargada de facer propostas á política municipal nesta materia. | CIM Asociacións locais Concellería de Igualdade | Nº de integrantes da mesa |
| 10.2. Implicar ás asociacións locais na difusión e aplicación do Plan | 10.2.1. Establecemento de contactos coas asociacións locais para informalas sobre os contidos do Plan e acadar a súa implicación na difusión e desenvolvemento do mesmo. | CIM Asociacións locais | Nº de contactos/reunións realizadas |
| 10.3. Potenciar a coordinación e operatividade entre os diversos organismos que traballan na atención a vítimas de violencia de xénero. | 10.3.1. Elaboración dun Protocolo de Coordinación ante situacións de violencia de xénero, no que se establezan as actuacións de cada un dos servizos e as derivacións máis axeitadas cara aos restantes servizos que interveñen nestas situacións. | CIM Mesa de Coordinación Interinstitucional | Elaboración do Protocolo. |
| | 10.3.2. Elaboración dunha guía interna dos distintos servizos municipais e entidades que interveñen na prevención, intervención ou promoción en materia de violencia de xénero, na que se establezan horarios, direccións, actuacións e toda a información necesaria . | Concellería de Igualdade CIM | Elaboración da guía |
| | 10.3.3.Designación dunha persoa referente de cada organismo que leve os temas de violencia de xénero. | Servizos sociais e CIM Concellería de Igualdade Policia Local e Garda Civil Centro de Saúde. | Designación de responsables |
| | 10.3.4.Creación desde o Concello dunha alerta para cada posible ou real caso de violencia dentro do programa IANUS da Sergas á que teñan acceso tanto as forzas da orde como os Servizos Sociais. | Servizos sociais e CIM Concellería de Igualdade Policia Local e Garda Civil Centro de Saúde. | Solicitud ao Sergas desde o Concello da extensión e creación do ficheiro |

Liña Estratégica 8

Apoio institucional

| OBXECTIVO | ACCIÓN | COORDINACIÓN / INTERVENIENTES | AVALIACIÓN |
|--|---|---|--|
| 7.1. Proporcionar ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas os recursos que contribúan a incrementar a súa seguridade. | 7.1.1. Valoración e realización dos trámites necesarios para contar coas novas tecnoloxías aplicadas á seguridade persoal das vítimas de violencia de xénero (ATENPRO) | CIM Servizos Sociais Municipais | Nº de solicitudes tramitadas |
| | 7.1.2. Establecemento de contactos necesarios para fomentar a comunicación urgente e seguimento coordinado de ordes de protección. | CIM Policía local Garda Civil | Nº de contactos establecidos |
| 7.2. Garantir ás vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas un aloxamento alternativo. | 7.2.1. Procura de aloxamento alternativo cando non poidan regresar ao domicilio habitual e non dispóna doutro aloxamento. | Servizos Sociais Municipais CIM | Nº de aloxamentos tramitados. |
| 7.3. Ofrecer asesoramento xurídico ás mulleres vítimas de violencia de xénero ou en situación de risco. | 7.3.1. Asesoramento xurídico durante todo o proceso e en todos os ámbitos que se requirán. | CIM | Nº de asesoramentos realizados. |
| 7.4. Facilitar o acceso a recursos socioeconómicos cun acompañamiento e apoio individual e familiar. | 7.4.1. Valoración e tramitación para que teñan acceso ás prestacións económicas individualizadas e recursos sociais considerando estas situacións como prioritarias. | Servizos Sociais Municipais CIM | Nº de prestacións solicitadas, tramitadas e concedidas. |
| | 7.4.2. Valoración e tramitación para que teñan acceso ao servizo de axuda a domicilio, considerando estas situacións como prioritarias. | Servizos Sociais Municipais CIM | Nº de tramitacións e resultado das mesmas |
| | 7.4.3. Información dos trámites necesarios para a solicitude de axudas e recursos de carácter económico, nacidas de administracións autonómicas e/ou estatais. | Servizos Sociais Municipais CIM | Nº de asesoramentos realizados. |
| 7.5. Ofrecer ás vítimas de violencia de xénero asesoramento e atención permanente durante o tempo necesario para a súa recuperación persoal. | 7.5.1. Atención psicolóxica durante o proceso de recuperación persoal | CIM Profesionais da Saúde Mental | Nº de vítimas de violencia de xénero atendidas. |
| 7.6. Aumentar a capacitación de profesionais que interveñen na atención en violencia de xénero. | 7.6.1. Establecemento de programas de formación específicos dirixidos a os/as profesionais que atenden situacións de violencia de xénero e asistencia a xornadas e encontros. | Concellería de Igualdade Profesionais que atenden situacións de Violencia de Xénero. | Nº de accións formativas realizadas. |
| 7.7. Dar atención e apoio aos fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero. | 7.7.1. Atención, apoio e acompañamiento aos fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero. | Profesionais de Saúde Mental | Nº de fillos e fillas de vítimas de violencia de xénero atendidos. |

Liña Estratéxica 9

Apoio social

| OBXECTIVO | ACCIÓN | COORDINACIÓN / INTERVENIENTES | AVALIACIÓN |
|---|---|--|---|
| 8.1. Fomentar a capacidade profesional das vítimas de violencia de xénero que o necesiten. | 8.1.1.Establecemento de medidas que teña prioridade a súa participación nos cursos de formación ocupacional. | Axente de Desenvolvemento local CIM Oficina de emprego | Nº de medidas. Nº de mulleres víctimas de violencia de xénero que acceden a esta formación |
| 8.2. Apoiar ás vítimas de violencia nos procesos de procura e mellora de emprego. | 8.2.1.Deseño e desenvolvemento de itinerarios sociolaborais individualizados para aquelas vítimas de violencia de xénero que o requirian. | Oficina de emprego | Nº de atencións realizadas |
| | 8.2.2.Establecemento de medidas que garantan a prioridade destas mulleres no acceso aos plans locais de emprego. | Axente de Desenvolvemento local. Servizos municipais | Nº de medidas establecidas. |
| 8.3. Apoiar económicamente ás mulleres vítimas de violencia de xénero no mantemento de vivenda. | 8.3.1.Información, valoración e trámites necesarios para acceder ás prestacións e axudas económicas. | Servizos Sociais Municipais CIM | Nº de solicitude tramitadas |

Liña Estratéxica 10

Principios transversais

| OBXECTIVO | ACCIÓN | COORDINACIÓN / INTERVENIENTES | AVALIACIÓN |
|--|--|---|---|
| 9.1. Fomentar a participación de vítimas de violencia de xénero nas asociacións locais | 9.1.2. Facilitar desde os servizos municipais información da existencia e actividades das distintas asociacións, especialmente, asociacións de mulleres. | Todos os servizos municipais Servizos Sociais Municipais CIM | Nº de atencións realizadas |
| 9.2. Promover e colaborar na constitución dunha rede de axentes de apoio social a vítimas de violencia de xénero | 9.2.1. Establecemento de contactos coas asociacións locais, especialmente de mulleres, para lograr a súa implicación na creación dunha rede de axentes de apoio social a vítimas de violencia de xénero. | CIM Asociacións locais. | Nº de reunións. Nº de persoas interesadas en formar parte da rede. |
| | 9.2.2. Realización de cursos de formación específica en violencia de xénero para aquellas persoas que desexen formar parte da rede de axentes de apoio social ante a violencia de xénero. | Concellería de Igualdade CIM Asociacións locais. | Nº de cursos e asistentes aos mesmos |
| | 9.2.3. Creación dunha rede de axentes de apoio social ante a violencia de xénero, coordinada con profesionais dos servizos que atenden casos de violencia de xénero. | Asociacións locais Profesionais dos servizos que atenden casos de violencia de xénero. | Nº de membros da rede. Nº de acompañamentos realizados |

8. DIFUSIÓN DO PLAN

Para a difusión do Plan para a Erradicación da Violencia de Xénero do Concello de Bueu prevíronse as seguintes actuacións:

1. Edición do Plan en soporte papel e en soporte electrónico.
2. Distribución do Plan a todos os servizos, municipais e non municipais, que dirixan as súas actuacións ao colectivo de mulleres de Bueu.
3. Realización de charlas informativas sobre o Plan ás asociacións locais para que se impliquen no seu desenvolvemento e difusión.
4. Presentación do Plan aos medios de comunicación locais.

9. VIXENCIA DO PLAN

O I PLAN MUNICIPAL PARA A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DE BUEU (2021-2025) terá unha vixencia de catro anos.

10. EXECUCIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

A Concellería de Igualdade e o CIM, coa colaboración do resto de integrantes da Mesa de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, será a encargada de realizar o seguimento e avaliación do Plan, asumindo as seguintes funcións:

- 1.Velar pola consecución dos fins propostos.
- 2.Deixar constancia das dificultades que se presenten na súa execución para que sirvan de referencia nos próximos Plans.
- 3.Avaliar o desenvolvemento do plan tendo como referencia:
 - O grao de execución das distintas accións e a consecución dos obxectivos.
 - A participación dos organismos implicados no desenvolvemento e execución de cada unha das accións.
 - A resposta cuantitativa e cualitativa de destinatarios e destinatarias de cada unha das accións.
- 4.Elaborar unha memoria anual onde quede constancia da devandita avaliación e unha memoria final que recolla os resultados globais así como as indicacións de mellora e outras suxestións de cara aos Plans seguintes.

11. ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERESE

CENTRO DE SAÚDE:

Acceso Av. Grupo Escolar, s/n, 36930 Bueu

(8:00-15:00, domingo e festivos pechado)

Tel. **986 32 33 13**

CENTRO INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM):

Eduardo Vincenti, 28 B - 36930

Tel. **986 324 395**

Tel. **986 324 338**

cim@concellodebueu.gal

POLICÍA LOCAL:

Rúa de Montero Ríos, 18, 36939 Bueu

Tel. **986 32 00 62**

www.policia.es

GARDA CIVIL:

Cangas · **986 30 01 42** (24 horas)

Avenida Ourense, 72, 36947 Cangas

Moaña · **986 31 00 67** (24 horas)

Rúa de Don Donato Bernárdez Sotelo, 1, 36950 Moaña

Marín · **986 83 81 83**

(8:00-14:00, sábado, domingo e festivos pechado)

Estrada Figueirido, 3, 36900 Marín



ATENCIÓN A VÍTIMAS DE MALOS TRATOS

016

016-online@igualdad.gob.es Asociado a el funciona o
servizo psicolóxico inmediato vía mensaxería instantánea
(whatsapp) a través dos teléfonos
682 916 136 e 682 508 507

I Plan Municipal para a
ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

